

## Novo Congreso da AELG: unha paradiña para pensar

Redacción | 20 de Setembro de 2015



Delegación da AELG

A Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega realiza o vindeiro sábado 26 de setembro o VI Congreso de Escritoras/es no Pazo da Cultura de Pontevedra que leva por título "Para que(n) escribimos o futuro?".

Segundo a [AELG](#), este é un encontro periódico cuxa finalidade é a de “dotármolos dun espazo de reflexión sobre a situación do sistema literario no que estean presentes aqueles temas que preocupen ás/aos asociadas/os”.

A xuntanza organízase en varios grupos de traballo, que van desde os dereitos de autoría e profesionalización, da man de **Francisco Castro**; á oralidade como soporte literario, con **Antonio Reigosa**; o futuro da literatura dramática, con **Afonso Becerra**; novas formas de edición, con **Rosalía F. Rial**; a Lusofonía como renovada oportunidade, a cargo de **Carlos Quiroga**; e formación de lectores/as, con **Leticia Costas**.

Para rematar haberá unha posta en común de todos os grupos e presentarase a nova web da AELG. O peche estará a cargo do grupo musical **Xardín Desordenado**, que interpretarán cancións compostas sobre textos de varias poetas galegas de distintas xeracións: Rosalía de Castro, Olga Novo, Enma Pedreira, Pilar Pallarés, Luisa Castro, Marta Dacosta e Cristal Méndez Queizán.